

VINTE MIL LEGUAS

POR QUE MORREU LESLIE HOWARD NO MAR DE CEDEIRA?



Texto

Hixinio Puentes

Escritor

A mediados do pasado setembro apareceu publicado por Ediciones Facta un libro titulado "El vuelo del Ibis", de José Rey-Ximena. Esta obra tenta desentrañar o misterio que envolve a morte do actor inglés Leslie Howard ao abater o avión no que viaxaba nas proximidades da punta Candieira (Cedeira).

Howard foi unha grande estrela de Hollywood e o actor británico de cine e teatro máis celebre dos anos 30, participando en filmes como "A Pimpinela Escarlata", "O Bosque Petrificado", xunto a Vivien Leigh como protagonista da mítica película "Foise co vento", ou personificando personaxes como Hamlet, Pigmalião, Romeo ou o propio Shakespeare.

Cumprira os 53 anos dous meses antes de encontrarse co seu destino o 1 de xuño de 1943. Chegou discretamente a Lisboa procedente de Madrid e embarcou as nove e media da mañá daquel fatídico martes no aeroporto Portela no voo 777A nun avión da compañía holandesa KLM arrendado á inglesa BOAC, con tripulantes holandeses e outros trece pasaxeiros -número fatídico que ocasionara problemas nun banquete en Madrid poucos días antes- para dirixirse ao aeródromo de Whitechurch, no Sur de Irlanda. O aparato era un Douglas DC3-194 bautizado como *Ibis*. Ao día seguinte, a BBC comunica a súa desaparición. A historia quedou nun misterio da II Guerra Mundial. Non se atoparon restos de nada.

Sabemos polo traballo "En busca de mi Padre", publicado polo seu fillo Ronald, actor e galerista de arte, que investigou sobre a morte do pai, que o seu avión foi derrubado por unha escuadrilla de oito Junkers 88 de caza pertencentes á Luftwaffe alemana que despegaron dunha base do sur da Francia, preto de Bordeos. O comandante Bellstedt, xefe da escuadrilla, ordena o derribo e os oito atacan

dende direccións diferentes. A derradeira mensaxe que o *Ibis* comunica di: "Estamos sendo atacados por avións inimigos". Atopábanse ao NW do Cabo Ortegal, pola zona de Cedeira.

Catro meses despois, o 20 de novembro, a cinco millas fronte da punta Candieira, un bimotor foi atacado por cinco avións alemáns, mantendo combate con eles ata ser derrubado. Cremos que podería tratarse da mesma escuadrilla de axuda aos submarinos alemáns que derrubou o *Ibis* ou o *Sunderland Mk III Escº 228* inglesa que fora testemuña do afundimento do submarino *U966* na punta de Maeda (entre O Barqueiro e Vila de Bares) e foi derrubado por catro Junkers alemáns, Ju 88 R-2 do 2º escuadrón do *Zerstörergeschwader* a tres millas polo Norte da Punta da Estaca de Bares.

Tanto o goberno británico como a compañía British Airways mantiveron segredos os arquivos sobre o caso insistindo en que se trataba dun accidente ata que en 1984 se puido comprobar que a desaparición do aparato se consideraba un accidente. Unha hipótese apunta a que tanto en Berlín como as espías alemáns en Lisboa sabían de presenza de Winston Churchill no Norte de África o 28 de maio para se entrevistar co presidente Roosevelt e poderían pensar que nese voo regresaría o premier británico, pois o día 1 circulou en Lisboa o rumor de que Churchill se atopaba na cidade e os británicos o derradeiro de maio detectaron un interese alemán por coñecer a lista de pasaxeiros dese voo 777A. O xefe da Shell Oil en Portugal que embarcou no aparato tamén tiña certos parecidos co premier e formaba parte do MI-6 como axente secreto. Unha posterior investigación apunta á posibilidade de ser atacado ata que o comandante atacante ordena o alto o fogo ao identificar o tipo de aparato cando é demasiado tarde. Outra teoría apunta a que embarcaría un dobre de Churchill en Lisboa, con cigarro puro incluído. A verdade da historia posiblemente atopárase nalgún recanto do Arquivo Nacional Británico. Na realidade, Churchill regresou o día 5 de xuño nun voo con escolta armada, facendo escala en Xibraltar.

O motivo oficial de presentarse en Madrid o 10 de maio e aloxarse no Hotel Ritz foi unha invitación do goberno do seu país para pronunciar unhas conferencias sobre Hamlet no Instituto Británico da capital española. Asistiu ás corridas de touros de San Isidro e festas flamencas como unha grande estrela e negouse a participar en moitas dos actos programados polo Instituto Británico, provocando



un gran anoxo ao xefe do Walter Starkie pola pouca colaboración, do que hai testemuña nuns arquivos británicos.

Ata vai pouco tempo a súa viaxe a España era un misterio que ninguén desvelou. Na realidade, parece ser que a Howard interesáballo contactar coa súa antiga noiva Conchita Montenegro, unha actriz donostiarra sobradamente coñecida convertida na primeira actriz española que triunfou no mundo de Hollywood, antiga noiva súa que á sazón era noiva do xefe do departamento da Falanxe Exterior, Ricardo Giménez, moi relacionado polo seu irmán con Serrano Súñer, para que servira de enlace nunha entrevista con Franco.

Rey-Ximena, tras conversar coa Montenegro pouco tempo antes da morte dela, puido saber que na realidade Howard viña entregar unha mensaxe a Franco en persoa para asegurar neutralidade ante o conflito mundial ou a paz con Inglaterra a cambio da non intervención en España no caso de resultar gañadores na guerra. O pretexto para a entrevista co ditador sería a realización dunha película na que Howard interpretaría a Cristovo Colón.

Esta versión é moi verosímil. O servizo secreto británico coñecía a relación de Leslie Howard con Conchita Montenegro, e escolleuno para levar unha mensaxe secreta de Churchill. Rey-Ximena, tras ardua investigación, encontrou varias cartas entre Howard e o secretario da Defensa británica, Anthony Eden, nas que puido comprobar esta misión secreta. Tamén o servizo secreto alemán tería coñecemento a través das espías en Madrid e posiblemente o propio ministro de propaganda nazi Joseph Goebbels ordenou o derribo do aparato para liquidar a un actor que o ridiculizaba ou acaso coñeceu o verdadeiro motivo da viaxe. En todo caso, a resposta nunca chegou, está no fondo do mar de Cedeira.



Arriba, o actor.
Abaixo, un avión modelo Douglas DC3